

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 10/06/2013.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D^a María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D^a María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D^a Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiros ausentes:

- D. Hipólito Díaz Silva.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e corenta e dous minutos do día dez de xuño de dous mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de maio do presente ano dous mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. O Sr. Márquez solicita que conste en acta que a súa ausencia dese sesión debeuse a razóns laborais. Non habendo outras propostas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, coa referida corrección, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. APROBACIÓN DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á FOLGA XERAL COMARCAL DO DÍA 12 DE XUÑO DE 2013.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico

das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Dase conta da proposta de declaración institucional presentada polo grupo municipal do BNG, que o Sr. Soto resume brevemente, indicando a conveniencia dun acordo unánime dos grupos políticos, e que literalmente di:

“A situación da nosa comarca atópase nunha fase crítica. Á grave crise xeral existente en Galiza hai que engadirle as políticas de destrución dos nosos sectores produtivos, que levaron a un progresivo aumento do índice de desemprego, que neste momento chega ao 32%, 10 puntos por riba da media galega, así como ó progresivo aumento da emigración da nosa mocidade e, en definitiva, á depauperación económica e social no ámbito comarcal.

Perante esta situación, os diversos gobernos –tanto o do Estado como a Xunta– non están a propor iniciativas políticas na defensa dos nosos sectores produtivos; mesmo incumprindo claramente os compromisos que se acadaran no seu momento a respecto dalgún deles, como o naval, o eólico etc., ademais dos recortes sociais, sanitarios ou educativos postos en marcha nos últimos 3 anos.

Como representantes da cidadanía afectada por esta situación, entendemos que non só non debemos de permanecer á marxe, senón que mesmo cómpre que adoptemos unha posición activa na denuncia desta situación e na exixencia de medidas concretas aos gobernos para trocar esta situación.

Neste sentido, manifestamos:

- 1.- O noso apoio á convocatoria de Folga Xeral para o día 12 de xuño de 2013, así como o compromiso de favorecer desde a institución municipal ochamamento ó conxunto da cidadanía do noso concello para que participe nesta folga.
- 2.- A exixencia aos gobernos do Estado e da Xunta para a concreción de medidas e prazos para abordar iniciativas na defensa do emprego e dos nosos sectores produtivos.
- 3.- O chamamento ao conxunto da cidadanía comarcal a conformar un movemento amplo de presión e negociación para concretar os compromisos dos diversos gobernos na nosa comarca.”

O Sr. López Loureiro toma a palabra para dicir que o seu grupo respecta a convocatoria de folga e tamén ás persoas que non desexen secundar esa convocatoria, cuxos dereitos deberán quedar garantidos, indicando que vanse abster na votación, xa que non están nin a favor nin en contra desta folga.

O Sr. Márquez interven seguidamente pra manifestar a súa conformidade coa proposta de declaración institucional, calificando a situación da comarca de alarmante, xa que se atopa entre as máis castigadas de Galicia no referido ó desemprego, polo que é preciso demandar das administracións o cumprimento dos seus compromisos relativos ó emprego, xa que ademais, constátase unha perda da calidade dos traballos que aínda quedan. Engade finalmente que por suposto todos deben ter dereito a elixir entre secundar a folga ou non.

O Sr. Alcalde fala de seguido para dicir que a proposta presentada non inclúe incumprimento algún da legalidade e que por suposto cada persoa ten dereito a decidir se apoiar ou non a folga. Entende que o Concello non pode estar á marxe desta cuestión,

nin ser alleo á mobilización das clases traballadoras para o exercicio do seu dereito á folga, xa que se considera beneficiosa para a maioría e máis necesaria que nunca neste momento. Di tamén que dentro da declaración proposta, o máis importante é o punto terceiro, que chama a continuar coa mobilización despois do día 12, mantendo a esixencia de cumprimento dos compromisos para o emprego e escoitando á cidadanía, xa que esta situación non se pode manter e se non fose pola elevada proporción de pensionistas na zona, que está permitindo a subsistencia básica dos fogares, aínda se revelaría con máis dureza a crise que vivimos. Remata reivindicando o papel dos piquetes informativos, que teñen unha función de garantía do dereito á folga de moitos traballadores para os que podería resultar difícil polas súas circunstancias laborais.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a declaración institucional de que se trata.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e cincuenta e tres minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,